

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2006**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan A. Maceiras Barros

Concelleiros

Don Jesús Veiga Sabín

Dona Eva María Vilariño González

Don José Manuel Rodríguez Vidal

Don Juan José Herva Mallo

Dona María Rosario Manso López

Don Luis Purriños Pena

Don José Paz Tenreiro

Don Manuel José Pérez Martínez

Don José María Laya Carril

Don Antonio Cortizas Rodríguez

Secretaria acctal.:

Dona Marta Roca Naveira

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás trece horas do día dezoito de setembro de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os concelleiros que de feito e dereito compoñen a Corporación: don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don Jesús Veiga Sabín; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don José María Laya Carril e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asisten á sesión os concelleiros don Antonio Medín Pena e don Miguel Anxo Abraira Sobrado.

Dá fe do acto, a secretaria acctal. dona Marta Roca Naveira.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia, non se aproba a acta da sesión anterior, correspondente ao 14 de agosto de 2006, xa que non se entregou a correspondente copia desta aos concelleiros na convocatoria da sesión.

2.- REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO.- Vista a proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 11 de setembro de 2006, o Pleno do Concello, co voto favorables dos once concelleiros que asisten á sesión, acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar inicialmente o Regulamento de Funcionamento do Punto Limpo de Miño.

2º.- Expoñer ao público dito regulamento durante o prazo dun mes, como dispón o art. 49 da Lei 7/85 de bases de réxime local, con inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, para oír reclamacións, elevándose a definitiva esta aprobación inicial se non se presentan reclamacións, e procedéndose á publicación íntegra do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 196.2 do transcorrido, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/85.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás trece horas e dez minutos, redactándose a presente acta, do que eu, a secretaria acctal, dou fe.

O presidente

A secretaria acctal.